# Wikis

Unha wiki, ou un wiki, é un espazo colaborativo fácil e rápido de realizar.
A palabra “wiki” procede do termo hawahiano que significa rápido e normalmente defínese como un espazo de escritura colaborativa.
As wikis supuxeron unha auténtica revolución no traballo colaborativo en internet.

A primeira wiki aparece no ano 1995, desenvolvida polo programador informático Ward Cunninghan, como medio para manter unha escritura colaborativa cos seus compañeiros programadores. Esta wiki chamábase WikiWikiWeb.

No ano 2001 xurde o maior proxecto colaborativo coa aparición da enciclopedia Wikipedia, que é a maior wiki do mundo.

En educación, as wikis son un recurso que favorece o uso das TIC e complementa o contido curricular de forma interactiva e colaborativa.

Para traballar cunha wiki non se requiren coñecementos técnicos, simplemente escribir, realizar enlaces e insertar contidos multimedia.
A wiki consiste nunha estrutura de páxinas hipertextual, é dicir, os enlaces son os que relacionan entre sí todos os contidos.

As wikis teñen un interfaz de edición sinxelo que permite crear páxinas fácilmente desde o propio navegador e inclúen un historial de revisións para poder desfacer os cambios e volver a versións anteriores.

# Aplicacións educativas dunha Wiki

Estes son algúns dos posibles usos educativos dunha wiki:

- Elaborar glosarios temáticos, científicos, históricos, matemáticos, tecnolóxicos coas palabras clave de cada unidade temática.
- Desenvolver proxectos de investigación colaborativa recollendo nas páxinas da wiki os artigos creados polos alumnos.
- Crear un espazo de colaboración en rede para almacenar recursos, materiais de clase, exercicios, materiais multimedia, notificacións, exames, actividades interactivas, …
- Utilizar a wiki como un espazo de creación literaria colectiva.
- Crear portafolios dixitais interactivos do alumnado e/ou profesorado en formato wiki.
- Difundir experiencias e traballos de aula do alumnado.
- Crear unha wiki colaborativa do departamento, onde difundir actividades, vídeos e recomendacións para o alumnado.

Sen dúbida, a Wikipedia é a wiki por excelencia.

É unha wiki libre, políglota, universal e sen ánimo de lucro que constitúe actualmente a maior enciclopedia “on-line” do mundo.

Según consta no seu propio artigo sobre “wikipedia”, ésta xurde en Xaneiro de 2001 por iniciativa de Jimmy Wales e Larry Sanger. Actualmente está versionada a 271 idiomas e posúe máis de 15 millóns de artigos que foron redactados de forma conxunta e desinteresada por usuarios de todo o mundo.

Cada versión de idioma posúe unha entidade independente, cos seus propios artigos.

Versión en español : https://es.wikipedia.org
Versión en galego: https://gl.wikipedia.org

# Cómo funciona

En canto ao seu funcionamenteo, igual que o resto de wikis, a Wikipedia é moi simple e en moitos dos artigos divulgativos o seu funcionamento resúmese en: “edita, enlaza e garda”.

Como o resto de wikis, Wikipedia está composta de páxinas e cando buscamos calquera termo localízanos a páxina que o contén.

Desta maneira, para editar un contido determinado, simplemente temos que ir á páxina deste contido e se queremos colaborar pulsamos sobre o enlace “**Editar**” da pestana superior para modificalo, corrixindo oou ampliando o contido que creamos que está incompleto.


Non accedeu ao sistema Conversa Contribucións Crear unha conta Acceder ao sistema
Artigo Conversa Ler Editar Editar a fonte Ver o historial Procurar
Wikipedia
A enciclopedia libre
Viveiro
Na Galipedia, a Wikipedia en galego.
Coordenadas: 43°38′53″N 7°35′24″O (mapa)
Para outras páxinas con títulos homónimos véxase: Viveiro (homónimos).
Viveiro é un concello e unha cidade, situada na provincia de Lugo, na comunidade autónoma de Galicia. O mesmo tempo, está situado dentro da comarca da Mariña Occidental, da cal é a súa capital.
Enlace que permite editar (modificar) o contido do artigo
do Xistral e que desemboca ó norte na ría de Viveiro, que é unha das rías pertencentes á rexión das Rías Altas, que desembocan ó mar Cantábrico.
A fundación de Viveiro data da Idade do Ferro, como se pode ver nos numerosos sitios arqueolóxicos de asentamentos celtas. A partir dos séculos XII e XIII, Viveiro comezou a tomar especial relevancia, coa puxanza da vila medieval da que hoxe aínda se
Viveiro
Portada
Portal da comunidade
A Taberna
Actualidade
Cambios recentes
Ferramentas
Páxinas que ligan con esta
Cambios relacionados
Páxinas especiais
Ligazón permanente


Non accedeu ao sistema Conversa Contribucións Crear unha conta Acceder ao sistema
Artigo Conversa Ler Editar Editar a fonte Ver o historial Procurar
Parágrafo Cita Inserir Gardar a páxina
1 aviso
Aviso: Aínda non accedeu ao sistema. Se edita de xeito anónimo, o seu enderezo IP quedará rexistrado publicamente no historial de revisións desta páxina. Se crea unha conta, pode ocultar o seu enderezo IP e obter outros acceso a outras funcionalidades. As mensaxes que se lle envíen á súa IP estarán dispoñibles na súa páxina de conversa.
Por favor, non garde edicións de proba. Se o que quere é experimentar, use a zona de probas.
Viveiro
Na Galipedia, a Wikipedia en galego.
Para outras páxinas con títulos homónimos véxa
Viveiro é un concello e unha cidade, situada na provincia de Lugo, na comunidade autónoma de Ga . O mesmo tempo, está situado dentro da comarca Mariña Occidental, da cal é a súa capital. Nela tamé se atopa a sede do partido xudicial número 6 da provincia.
O seu termo municipal está situado na rexión coste da Mariña, ocupando unha superficie de 109,3 km². Este territorio sitúase no val formado polo río Landr
Portada
Portal da comunidade
A Taberna
Actualidade
Cambios recentes
Artigos de calidade
Páxina aleatoria
Axuda
Doazóns
Ferramentas
Páxinas que ligan con esta
Cambios relacionados
Páxinas especiais
Información da páxina
Elemento de Wikidata




Os contidos das páxinas poden estruturarse en distintos bloques de información que se denominan “**seccións**”.

Para editar unha determinada “sección” dun artigo optaremos por pulsar o enlace “Editar” que se mostra na parte superior de cada sección




**Barra de ferramentas de edición**

Cando buscamos un termo no buscador e comprobamos que aínda non existe ou non foi redactado, podemos crear a páxina deste contido pulsando sobre o propio termo que acabamos de buscar, de maneira que pasaremos ao entorno de edición directamente.

Cando estamos editando e antes de gardar, sempre é recomendable facer unha previsualización previa.

Para a edición de contidos na Wikipedia non é necesario estar rexistrado, pero se nos rexistramos (moi recomendable) teremos algunhas melloras asociadas ao noso perfil, ademáis de ser éste unha forma máis responsable de editar e producir contidos.

# Rexistrarse na Wikipedia




O feito de crear unha conta de usuario na Wikipedia en español implica que tamén se habilita ese usuario para traballar na Galipedia (Wikipedia en galego)

# Wikispaces

Wikispaces é un dos sitios máis populares para a creación de wikis e proporciona de forma gratuíta un espazo para a creación de wikis por cada unha das contas de usuario creadas.

Wikispaces proporciona espazos específicos para **uso educativo**, uns espazos privados cun **tamaño de 5 Gb** onde só os membros da wiki poden ver e editar páxinas.

**https://www.wikispaces.com**




Pulsa sobre o botón "Education" para crear o teu propio espazo educativo para a túa aula, a túa asignatura ou o teu departamento.




Date de alta aquí, introducindo os teus **datos de usuario**:

- nome de usuario (Username)
- correo electrónico (Email)
- contrasinal (Password)

Despois pulsa o botón azul “Create Classroom” para introducir os datos do teu espazo educativo (a túa aula, a túa asignatura, o teu departamento, … ).

Simultáneamente recibirás un correo electrónico (na conta de correo que acabas de introducir) onde deberás pulsar no enlace que aparece para confirmar a túa identidade.

Inicialmente todo o teu espazo educativo que acabas de crear aparecerá en inglés, pero despois de confirmar a túa identidade poderás **cambiar o idioma** desde as preferencias do teu perfil de usuario.

Unha vez que crees o teu espazo educativo en wikispaces, verás que a dirección web para acceder será moi fácil de recordar.

Por exemplo:

https://**espazoeducativo**.wikispaces.com




Cada wiki educativa queda asociada ao profesor que a crea, polo que será este profesor o que asume automáticamente o rol de “**Organizador**”, ou sexa, o usuario que ten todos os permisos para xestionar íntegramente esta wiki.

Os demáis usuarios da wiki considéranse “**Membros**” e teñen os permisos limitados.

# Proxectos

En Wikispaces, os **proxectos** son subestruturas ou subdivisións da propia wiki que teñen entidade propia e poden incluír á súa vez todos os demáis elementos da wiki.

Os proxectos, ademáis, divídense en **equipos** que tamén poden ter a súa propia entidade.

